


XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CUESTIONARIO



SeminarioGalán.org



LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2014

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



O día das Letras Galegas foi instituído pola Real Academia Galega no ano 1963 en conmemoración do centenario da publicación do libro «Cantares Gallegos» de Rosalía de Castro.

1

1.- Quen instituíu o Día das Letras Galegas?




2.- Que se conmemorou no ano 1963?

Este ano adícase o Día das Letras a Xosé María Díaz Castro, autor dun único libro de poemas, «Nimbos». Xosé María foi tradutor de poesías ao galego e membro da Real Academia Galega.

2

3.- A quen se adica o Día das Letras Galegas de 2014?




4.- Que título leva o único libro de poemas que publicou Díaz Castro?

Xosé María naceu o 19 de febreiro de 1914 na aldea dos Vilares, no concello lugués de Guitiriz. A súa aldea era coñecida como Vilariño dos Cregos porque chegou a haber nove nas tres casas do lugar.

3

5.- En que data naceu Xosé María?



6.- Como era coñecida a súa aldea?

A familia de Xosé María era unha familia labrega con certo nivel económico. Na súa casa convivían os pais, unha tía e os catro irmáns: Antonio, Xosé María, María e Serafín.

4

7.- A que se adicaba a familia de Xosé María?




8.- Como se chamaban os seus irmáns?

A vida de Xosé María era a de todo neno labrego: coidar o gando, axudar nas faenas agrícolas... Na casa recibían o xornal e contaban con algúns libros.

5

9.- Que faenas agrícolas facía Xosé María?




10.- Que tiña na casa para ler?

Ten un gran amor pola natureza o que lle permite coñecer a flora e a fauna da contorna. Estes coñecementos vanlle servir á hora de com-
poñer poemas.

6

11.- A que tiña un gran amor?




12.- Para que lle van servir os seus coñece-
mentos sobre a flora e a fauna?

Os seus primeiros estudos realízaos na súa aldea, na Escola da Con-
chada, que fora construída cos cartos enviados polos veciños que
tiveran que emigrar a Cuba.

7


13.- Como se chamaba a escola na que
Xosé María realizou os seus primeiros estu-
dos?



14.- Quen mandou os cartos para construír
a Escola da Conchada?

De neno salientou como declamador e con doce anos gañou un premio de narración cunha historia sobre o aviadador Ramón Franco que co seu hidroavión «Plus Ultra» cruzou o Atlántico sen escalas.

8




15.- A que idade gañou o premio dun concurso de narración?

16.- Cal era o tema da narración de Xosé María coa que gañou o premio?

Aos quince anos deixa Os Vilares para trasladarse a estudar, para crego, no Seminario de Mondoñedo. Alí pasará sete anos e coñecerá ao poeta galego Aquilino Iglesia Alvariño, do que se fará moi amigo.

9



17.- A que idade marchou para o Seminario?

18.- En que localidade estaba o Seminario?

19.- A que poeta coñeceu no Seminario de Mondoñedo?

No Seminario de Mondoñedo comeza a collerlle gusto á poesía e a escribir os seus primeiros poemas que serán publicados no xornal «El Progreso Villalbés», da localidade lucense de Vilalba.

10



20.- Onde comeza a escribir os seus primeiros poemas?

21.- Cal é o nome do xornal no que publicou os seus primeiros poemas?

Ao saír do Seminario vai a Vilagarcía de Arousa a dar clases de latín e de inglés. Con trinta e dous anos, en 1946, recibe o Premio dos Xogos Florais de Betanzos, cunha poesía en galego e outra en castelán.

11




22.- De que deu clases en Vilagarcía?

23.- A que idade recibiu o premio dos Xogos Florais de Betanzos?

24.- En que idiomas estaban escritas as dúas poesías de Díaz Castro que foron premiadas en Betanzos?

Aos corenta anos casou con María Teresa Zubizarreta, á que coñeceu durante a Guerra Civil, e coa que tivo tres fillos: José Mari, Maite e Íñigo. Con eles vive en Madrid, onde traballa como tradutor.

12



25.- A que idade casou Díaz Castro?

26.- Cal era o nome dos seus tres fillos?

27.- Cal era o seu traballo en Madrid?

No ano 1961 a editorial Galaxia publícalle o seu único libro de poemas, «Nimbos», no que se recollen poemas de toda a súa vida e no que hai que salientar o que leva por título «Penélope».

13




28.- En que ano se publica «Nimbos»?

29.- Que editorial publicou o libro?

30.- Cal é o seu poema máis salientable?

Foi nomeado membro da Real Academia Galega no ano 1973 aínda que só como «correspondente», xa que residía fóra de Galicia e non podía asistir ás reunións da Real Academia.

14




31.- De que organismo foi nomeado membro en 1973?

32.- Por que motivo só foi nomeado membro «correspondente» da Real Academia?

En Madrid seguiu traballando, ata a súa xubilación, como tradutor no Ministerio da Gobernación e coordinador de tradutores no Consello Superior de Investigacións Científicas.

15



33.- En que Ministerio traballaba en Madrid?

34.- De que organismo foi coordinador de tradutores?

35.- En que cidade se xubilou?

En agosto de 1984 participou no único recital poético que deu en Galicia dentro das actividades culturais organizadas pola Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz.

16



36.- En que data participou Díaz Castro no único recital poético que deu en Galicia?

37.- Quen organizou o recital?

38.- De que localidade é a Asociación Cultural Xermolos?

«Penélope» é o poema máis popular, traducido e editado de Díaz Castro e está calificado como a mellor definición poética e a máis fermosa das que se fixeron sobre Galicia.

17



39.- Que é «Penélope»?

40.- Como está calificado o poema «Penélope»?